

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día nove de setembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós e dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C005/000007 para a adxudicación por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), do contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento "Open Science Cambre" do Programa TDI ("Todos deben involucrarse") a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023.

Tendo en conta que o evento Open Science do ano 2021 está previsto que se celebre o terceiro fin de semana do mes vixente, concretamente os días 18 e 19 de setembro, isto de conformidade co previsto na cláusula primeira do prego de prescricións técnicas e cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas, o señor presidente manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

"a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros."

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º. Proposta de adxudicación dos lotes 1, 3, 4, 6 e 8 e proposta de declaración de desertos dos lotes 2, 5 e 7 do contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento "Open

Science Cambre” do Programa TDI (“Todos deben involucrarse”) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023. Expediente núm. 2021/C005/000007

Vista a proposta da Alcaldía de data 9 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C005/000007 para a adxudicación por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), do contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento “Open Science Cambre” do Programa TDI (“Todos deben involucrarse”) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, cun orzamento base de licitación para 2 anos de 107.592,20 euros sen IVE, 128.869,66 euros IVE incluído, que se desagrega nos seguintes lotes:

- Lote nº 1: Carpas e complementos
- Lote nº 2: Instalación eléctrica temporal
- Lote nº 3: Serigrafía e sinalización
- Lote nº 4: Megafonía
- Lote nº 5: Espectáculos actividades científicas
- Lote nº 6: Vixilancia nocturna
- Lote nº 7: Memoria técnica
- Lote nº 8: Manutención, comida

Vistos os acordos adoptados pola Mesa de Contratación nas sesións celebradas o 1 de xuño, 2 de agosto, 3 de setembro e 9 de setembro de 2021, respecto da cualificación das ofertas presentadas e a valoración do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do PCAP (prezo ofertado á baixa sobre o importe de licitación).

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e interventor municipal, de data 8 de setembro de 2021, que contén a proposta de acordo a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 150 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primero: De conformidade cos acordos adoptados nas mesas de contratación celebradas con datas de 1 de xuño e de 2 de agosto de 2021, admitir as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan e para os lotes que a continuación se indican, por achegar debidamente cuberto o modelo de “Declaración responsable DEUC”, así como a totalidade das declaracións contidas no apartado “2.-Outras declaracións”, conforme co apartado 9 do Anexo II do PCAP:

- Catering Ferrolterra, S.L. (Lote nº 8)
- Hebe Sport, S.L. (Lote nº 1)
- Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC) (Lote nº 2)
- Ovejero Sequeiro, S.L. (Lote nº 3)
- Servicios Deportivos Galicia, S.L. (Lote nº 1)
- José Bouza e Hijos, S.L. (Lote nº 1)
- Suministros Generales Manufacturados, S.L. (Lotes nº s 1 e 3)
- Trosma producións S.L.U. (Lotes nº 1, 4 e 6)

Faise constar expresamente que NON se presentou ningunha proposición para o Lote nº 7 (“Memoria Técnica”).

Segundo: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 1 de xuño de 2021, excluír a oferta presentada pola empresa “Ceo Aberto, S.L.” (única presentada para o Lote nº 5), ao amparo do establecido nos arts. 139 e 140 da Lei 9/2017 de contratos do sector público , ao presentar a documentación integrante do sobre ou arquivo electrónico “A” sen firma electrónica verificable, por expirar o certificado do asinante en data 17/12/2020, nin achegar a documentación contemplada na cláusula 14.1, punto” 2.-Outras declaracións”, (tendo en conta que se limita a incluír no sobre electrónico o texto sen cubrir nin asinar), co cal incumpre o establecido no art. 139 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, en virtude do cal “1. As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva algunha...”, ademais do art. 140.1.a) LCSP (“a) As proposicións no procedemento aberto deberán ir acompañadas dunha declaración responsable que se axustará ao formulario de documento europeo único de contratación de conformidade co indicado no artigo seguinte, que deberá estar asinada e coa correspondente identificación...”), así como o establecido nas cláusulas 13.1 e 14 do PCAP Respecto dos requisitos para a presentación de proposicións , entre os que se inclúen, ademais do contido dos sobres electrónicos, que a proposición e todos os documentos que a integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente.’

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 2 de agosto de 2021, excluír do procedemento de adxudicación do contrato a oferta presentada pola empresa “José y Luís Eventos y Producciones, S.L.”, ao amparo do establecido nos artigos 139 e 141.2 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, e na cláusula 16.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento, debido a que a empresa non emendou as deficiencias detectadas no seu sobre electrónico “A” pola Mesa de Contratación en sesión do 1 de xuño de 2021, e para o que foi requirida mediante comunicación electrónica enviada o 6 de xullo de 2021 ás 10:03 horas, e publicada a acta íntegra da Mesa de Contratación o día 5 de xuño de 2021. Por tanto, procede aplicar a cláusula 16.3 do PCAP en virtude da cal “se procederá, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incorran nalgunha das causas seguintes: (...) 6. Non emendar no prazo establecido as deficiencias que a Mesa de contratación detectase na apertura do sobre A.(...)”.

Cuarto: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 2 de agosto de 2021, **declarar deserto o lote nº 5 (Espectáculos actividades científicas)** do Contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento “Open Science Cambre” do Programa TDI (“Todos deben involucrarse”) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, expediente: 2021/C005/000007, ao quedar excluída da licitación a única entidade ofertante a este lote, iso de conformidade co establecido no art.. 150.3 in fine da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e tendo en conta o acordo adoptado pola Mesa de Contratación en data 1 de xuño de 2021.

Quinto: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 2 de agosto de 2021, **declarar deserto o lote nº 7 (Memoria Técnica)** do Contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento “Open Science Cambre” do Programa TDI (“Todos deben involucrarse”) a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, expediente: 2021/C005/000007, ao non presentarse ningunha proposición para o presente Lote, e iso de conformidade co establecido no art. 150.3 in fine da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Sexto: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 2 de agosto de 2021, á vista do exposto, as ofertas admitidas no procedemento, nos distintos lotes que o integran, son as seguintes:

Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	Lote 5	Lote 6	Lote 7	Lote 8
- Hebe Sport, S.L.	INSTELEC	- Ovejero	Trosma	Deserto	Trosma	Deserto	Catering



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- José Bousa e Hijos, S.L. - Servicios Deportivos Galicia, S.L. - SUGEMA - Trosma Producciones S.L.U.		Sequeiro, S.L. - SUGEMA	Producciones, S.L.	(única oferta da empresa Ceo Aberto, S.L., rexeitada)	Producciones, S.L.	(ningún licitador)	Ferrolterra, S.L.
--	--	----------------------------	--------------------	---	--------------------	--------------------	-------------------

Sétimo: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 2 de agosto de 2021, aprobar a puntuación correspondente ao único criterio de adxudicación que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa polo licitador), para os tres lotes do presente procedemento nos que foron admitidas proposicións, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas para cada un dos lotes, e a orde decrecente de clasificación das empresas licitadoras:

LOTE 1: Carpas e complementos

Licitador	Prezo sen IVE	IVE (21 %)	Total IVE incluído
Hebe Sport, S.L.	21.150,25 €	4.441,55 €	25.591,80 €
José Bouza e Hijos, S.L.	16.599,00 €	3.485,79 €	20.084,79 €
Servicios Deportivos Galicia, S.L.	16.000,00 €	3.360,00 €	19.360,00 €
SUGEMA	19.035,00 €	3.997,35 €	23.032,35 €
Trosma Producciones, S.L.U.	15.150,00 €	3.181,50 €	18.331,50 €

Licitador	Puntuación
Trosma Producciones, S.L.U.	100,00
Servicios Deportivos Galicia, S.L.	94,68
José Bouza e Hijos, S.L.	91,27
SUGEMA	79,59
Hebe Sport, S.L.	71,63

Respecto do cálculo de ofertas anormalmente baixas, ao ser 5 licitadores, o cálculo realízase conforme co establecido na cláusula 16.3.2, punto 4, segundo a cal:

"4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a @dicha media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopan no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía".

o Cálculo inicial

- Oferta media : 17.586,85 euros sen IVE
- Oferta media – 10 % : 15.828,16 euros sen IVE
- Oferta media + 10 % : 19.345,54 euros sen IVE

o Cálculo excluindo a oferta de "Hebe Sport, S.L.":

- Oferta media : 16.696,00 sen IVE
- Oferta media – 10 % : 15.026,40 euros sen IVE

Así pois, non hai ofertas anormalmente baixas.

LOTE 2: Instalación eléctrica temporal

Licitador	Prezo sen IVE	IVE (21 %)	Total IVE incluído
INSTELEC	13.347,19 €	2.802,91 €	16.150,10 €

Licitador	Puntuación
INSTELEC	100,00

Respecto do cálculo de ofertas anormalmente baixas, ao ser 1 licitador, o cálculo realízase conforme co establecido na cláusula 16.3.2, punto 1, segundo a cal:

“1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento basee de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.”

Así pois, considérase oferta anormalmente baixa a que sexa inferior a 11.748,48 euros sen IVE, polo que a oferta presentada non incorre nesta circunstancia.

LOTE 3: Serigrafía e sinalización

Licitador	Prezo sen IVE	IVE (21 %)	Total IVE incluído
Ovejero Sequeiro, S.L.	4.729,18 €	993,12 €	5.722,30 €
SUGEMA	5.320,00 €	1.117,20 €	6.437,20 €

Licitador	Puntuación
Ovejero Sequeiro, S.L.	100,00
SUGEMA	88,89

Respecto do cálculo de ofertas anormalmente baixas, ao ser 2 licitadores, o cálculo realízase conforme co establecido na cláusula 16.3.2, punto 2, segundo a cal:

“2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.”

Así pois, considérase oferta anormalmente baixa a que sexa inferior a 4.256,00 euros sen IVE, sen que ningunha delas incorra nesta circunstancia.

LOTE 4: Megafonía, son

Licitador	Prezo sen IVE	IVE (21 %)	Total IVE incluído
Trosma Producciones, S.L.	1.328,34 €	278,95 €	1.607,29 €

Licitador	Puntuación
-----------	------------

Trosma Producciones, S.L.	100,00
---------------------------	--------

Respecto do cálculo de ofertas anormalmente baixas, ao ser 1 licitador, o cálculo realízase conforme co establecido na cláusula 16.3.2, punto 1, segundo a cal:

"1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento basee de licitación en máis de 25 unidades porcentuais."

Así pois, considérase oferta anormalmente baixa a que sexa inferior a 1.328,34 euros sen IVE, polo que a oferta presentada non incorre nesta circunstancia.

LOTE 6: Vixilancia nocturna

Licitador	Prezo sen IVE	IVE (21 %)	Total IVE incluído
Trosma Producciones, S.L.	650,00 €	136,50 €	786,50 €

Licitador	Puntuación
Trosma Producciones, S.L.	100,00

Respecto do cálculo de ofertas anormalmente baixas, ao ser 1 licitador, o cálculo realízase conforme co establecido na cláusula 16.3.2, punto 1, segundo a cal:

"1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento basee de licitación en máis de 25 unidades porcentuais."

Así pois, considérase oferta anormalmente baixa a que sexa inferior a 613,98 euros sen IVE, polo que a oferta presentada non incorre nesta circunstancia.

LOTE 8: Manutención, comida

Licitador	Prezo sen IVE	IVE (10 %)	Total IVE incluído
Catering Ferrolterra, S.L.	5.657,81 €	565,78 €	6.223,59 €

Licitador	Puntuación
Catering Ferrolterra, S.L.	100,00

Respecto do cálculo de ofertas anormalmente baixas, ao ser 1 licitador, o cálculo realízase conforme co establecido na cláusula 16.3.2, punto 1, segundo a cal:

"1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento basee de licitación en máis de 25 unidades porcentuais."

Así pois, considérase oferta anormalmente baixa a que sexa inferior a 4.489,45 euros sen IVE, polo que a oferta presentada non incorre nesta circunstancia.

Oitavo: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 3 de setembro de 2021, excluír a "Instalacións Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)" do procedemento de adxudicación do lote nº 2 (Instalación eléctrica temporal), ao considerar que dita empresa retirou a súa oferta, iso tendo en conta que

non cumpriu co requirimento de documentación efectuado mediante comunicación electrónica, enviada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03/08/2021, ás 11:43 horas, ao non presentar ningunha documentación acreditativa da solvencia técnica esixida na cláusula 10.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), tal e como consta no informe emitido polo Coordinador de Actividades Culturais e Educativas o día 2 de setembro de 2021, nin ningunha documentación relativa ao Imposto de Actividades Económicas, esixida na cláusula 17.1.9 do PCAP, o que se considera un incumprimento absoluto na acreditación de ambos requisitos, para o cal non procede prazo de corrección.

Por tanto, resulta de aplicación o establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na cláusula 17.1 do PCAP segundo a cal: "(...) *De non cumprirse adecuadamente o requirimento de documentación prevista nesta cláusula no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta (...)*".

Noveno: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 3 de setembro de 2021, **declarar deserto o lote nº 2 (Instalación eléctrica temporal)** do Contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento "Open Science Cambre" do Programa TDI ("Todos deben involucrarse") a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, expediente: 2021/ C005/000007, ao quedar excluída da licitación a única entidade ofertante a este lote, iso de conformidade co establecido no art. 150.3 in fine da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Décimo: De conformidade cos acordos adoptados nas mesas de contratación celebradas con datas de 2 de agosto e de 8 de setembro de 2021, adxudicar os **Lotes nºs 1 (Carpas e complementos), 4 (Megafonía, sonido) e 6 (Vixilancia nocturna)** do Contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento "Open Science Cambre" do Programa TDI ("Todos deben involucrarse") a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, expediente: 2021/ C005/000007, a favor da empresa "**Trosma Producións S.L.U.**", con NIF B32****61, nos prezos anuais que seguidamente se indican, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa sobre o importe de licitación), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e por ter presentado a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Os lotes e prezos anuais de adxudicación son os seguintes:

- Lote nº 1: Carpas e complementos, no prezo anual ofertado de 15.150,00 euros sen IVE (18.331,50 euros IVE incluído)
- Lote nº 4: Megafonía, son, no prezo anual ofertado de 1.328,34 euros sen IVE (1.607,29 euros IVE incluído)
- Lote nº 6: Vixilancia nocturna, no prezo anual ofertado de 650,00 euros sen IVE (786,50 euros IVE incluído)

Décimo primeiro: De conformidade cos acordos adoptados nas mesas de contratación celebradas con datas de 2 de agosto e de 8 de setembro de 2021, adxudicar o **Lote nº 3 (Serigrafía e sinalización)** do Contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento "Open Science Cambre" do Programa TDI ("Todos deben involucrarse") a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, expediente: 2021/ C005/000007, a favor da empresa "**Ovejero Sequeiro, S.L.**", con NIF B10****96, no prezo anual ofertado de 4.729,18 euros sen IVE (5.722,30 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa sobre o importe de licitación), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e por ter presentado a documentación requirida

na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Décimo segundo: De conformidade cos acordos adoptados nas mesas de contratación celebradas con datas de 2 de agosto e de 8 de setembro de 2021, adxudicar o **Lote nº 8 (Manutención, comida)** do Contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento "Open Science Cambre" do Programa TDI ("Todos deben involucrarse") a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, expediente: 2021/ C005/000007, a favor da empresa "**Catering Ferrolterra, S.L.**", con NIF B70***49, no prezo anual ofertado de 5.657,81 euros sen IVE (6.223,59 euros IVE incluído), por ser a única entidade que presentou oferta no presente lote, e obter por tanto a maior puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa sobre o importe de licitación), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e por ter presentado a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Décimo terceiro: Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación consonte co artigo 44 e 153 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxese recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

O adxudicatario presentará, antes da firma do contrato, os documentos relativos ao seguro de responsabilidade civil a que se refire a cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A formalización do contrato publicarase, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días no Perfil de Contratante (art. 154 LCSP).

De conformidade co establecido na cláusula 19.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, con carácter previo ao inicio da execución do contrato, e en concreto, ao inicio do servizo ou actividade, o contratista adxudicatario deberá presentar a través da sede electrónica do Concello de Cambre (<https://sede.cambre.es>), os seguintes documentos (cláusula 17.1.11 PCAP):

Respecto do persoal:

- contrato de traballo
- alta na Seguridade Social
- copia da titulación ou cualificación esixida segundo o disposto nas especificacións do persoal
- certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (naqueles lotes en que se esixa)

Respecto do material:

Relación detallada dos medios materiais necesarios para a prestación do servizo/actividade, acreditando a súa disposición mediante:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- Con todo poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira fidedigna a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para o servizo obxecto do presente contrato, a requirimento do responsable do contrato.

Décimo cuarto: De conformidade coa cláusula 19 do PCAP e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo quinto: Notificar os presentes acordos aos licitadores participantes e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da LCSP e cláusula 17.3 do PCAP, facéndolles saber que, contra eles, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44, apartados 1.a) e 2. c) da LCSP e cláusula 30.1 do PCAP regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50 e Disposición adicional décimo quinta da LCSP), a contar desde o día seguinte ao do aviso de posta a disposición da notificación a través da plataforma Notifica.gal, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme co establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia *"pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público"* (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros



prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación das medidas provisionais substanciarase conforme co disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo sexto: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas, responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López